



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino
32001 OURENSE



COMUNICADO Nº 305/18
19 DE DECEMBRO DE 2017

2ª COPA PROPULSIÓN RALLYMIX 2018 AGRUPACIONES 2, 3 E 4

PROXECTO

CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYMIX



Artigo 1.- ORGANIZACIÓN:

A Federación Galega de Automobilismo organiza para o ano 2018 a 2ª COPA PROPULSIÓN RALLYMIX 2018 (AGRUPACIÓNS 2, 3 e 4).

O presente regulamento complementarase co Anuario de Galicia 2018, da Federación Galega de Automobilismo, nos apartados que non figuren neste documento.

Artigo 2.- PARTICIPANTES:

A) Poderán participar tódolos pilotos que estean en posesión das licencias conforme ó Anexo I do Anuario 2018 e participen nas probas puntuables da tempada 2018 con pneumáticos Pirelli.



B) A Federación Galega de Automobilismo resérvanse o dereito a rexeitar calquera inscrición á 2ª COPA PROPULSIÓN RALLYMIX 2018 (AGRUPACIÓNS 2, 3 e 4) sen ter que xustificalo, previo informe interno da Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 3.- VEHICULOS ADMITIDOS:

A 2ª COPA PROPULSIÓN RALLYMIX 2018 (AGRUPACIÓNS 2, 3 e 4) está reservada exclusivamente a tódolos vehículos de propulsión traseira das Agrupacións 2, 3 e 4, ou similares a criterio da Comisión Técnica e que monten pneumáticos Pirelli.

Artigo 4.- INSCRICIÓN:

Tódolos interesados en inscribirse na 2ª COPA PROPULSIÓN RALLYMIX 2018 (AGRUPACIÓNS 2, 3 e 4) deberán facelo enviando a folla de inscrición en formulario "online" sita na www.fga.es:

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO

Ctra. de Vigo, 43 - Baixo · O PINO · 32001 Ourense / Fax: 988 271 461

nun prazo non inferior a 10 días antes da celebración da primeira proba na que desexe participar.

Coa inscrición terá que adxuntarse unha factura orixinal, da compra de cinco pneumáticos PIRELLI a "AMF MOTORSPORT S.C.G."

Artigo 5.- PROBAS:

Para a 2ª COPA PROPULSIÓN RALLYMIX 2018 (AGRUPACIÓNS 2, 3 e 4), serán validos os seis RallyMix puntuables para o Campionato de Galicia, debidamente aprobados pola Federación Galega de Automobilismo.

RALLYMIX			2018
DATA	PROBA	ESCUDEIRÍA	COEF.
03/04-03-2018	2º RALLYMIX CUNTIS "VILA TERMAL"	CUNTIS VILA TERMAL	8
21/22-04-2018	2º RALLYMIX CONCELLO DE TOURO	TOURO MOTOR	8
19/20-05-2018	1º RALLYMIX DE FERROL	A. FERROL	8
21/22-07-2018	3º RALLYMIX CONCELLO DE PIÑOR	MIXRALLYSPORT	8
15/16-09-2018	5º RALLYMIX A GUDIÑA	HC COMPETICIÓN	8
03/04-11-2018	5º RALLYMIX CONCELLO DE BARBADAS	BARBADAS	8



Artigo 6.- PREMIOS:

PREMIOS FINAIS A ENTREGAR NA GALA DE ENTREGA DE PREMIOS 2018:

Premios finais RALLYMIX (PILOTOS): 1º Trofeo de Bronce FGA 2º Trofeo de Bronce FGA	Premios finais RALLYMIX (COPILOTOS): 1º Trofeo de Bronce FGA 2º Trofeo de Bronce FGA
--	--

Artigo 7.- PUNTUACIÓN.-

En cada proba acadaranse os seguintes puntos, segundo a clasificación exclusiva para vehículos de propulsión traseira nas seis probas de RallyMix:

Si saén ata 5 vehículos "A" 1º 5 puntos 2º 2 puntos 3º 1 punto	Si saén de 6 a 10 vehículos "B" 1º 8 puntos 2º 3 puntos 3º 2 puntos 4º 1 punto	Si saén máis de 10 vehículos "C" 1º 10 puntos 2º 4 puntos 3º 3 puntos 4º 2 puntos 5º 1 punto
---	--	---

Os puntos P acadados na proba obteranse pola seguinte formula: $P = K * C$, sendo (K) o coeficiente da proba multiplicado por (C) os puntos obtidos nas clasificacións da 2ª COPA PROPULSIÓN RALLYMIX 2018 (AGRUPACIÓN 2, 3 e 4). A clasificación final 2ª COPA PROPULSIÓN RALLYMIX 2018 (AGRUPACIÓN 2, 3 e 4) será establecida entre aqueles pilotos e navegantes que participasen nun número de probas igual a metade máis unha das probas celebradas. Para a clasificación final sumaranse as puntuacións acadadas en tódalas probas celebradas (Pilotos e Copilotos) menos unha.

Artigo 8.- COMISARIO DE SEGUIMIENTO.-

O Comité organizador nomeará a unha persoa, a cal estará debidamente acreditada e identificada, para facer o seguimento da publicidade, e todo o concernente o bo desenrolo da Copa.

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DAS FÓRMULAS DE PROMOCIÓN